

mento actual e da súa vocación agraria, pertencen a agrupacións veciñais na súa calidade de grupos sociais e non como entidades administrativas, e os veñan aproveitando consuetudinariamente en réxime de comunidade sen asignación de cotas os membros daquelas na súa condición de veciños».

Terceiro.-É reiterada doutrina da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo que son dúas as notas características dos montes veciñais en man común: unha, o aproveitamento consuetudinario en man común e outra, a atribución da titularidade dese aproveitamento aos veciños integrantes dun grupo social determinado, independentemente da súa cualificación ou non como entidade administrativa; correspóndelle constatar o aproveitamento e atribuír a titularidade a favor do grupo social que o veña desfrutando ao Xurado Provincial de Clasificación.

Cuarto.-O carácter de monte veciñal en man común tense acreditado mediante os testemuños dos veciños solicitantes e as actuacións realizadas polo Servizo de Montes e Industrias Forestais, sen que durante a tramitación do procedemento se producise ningunha reclamación de titularidade distinta.

En consecuencia co que antecede, vista a Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, o seu regulamento, aprobado polo Decreto 260/1992, do 4 de setembro, o Decreto 562/2005, do 1 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural e demais normativa legal e regulamentaria, o xurado provincial, por unanimidade dos seus membros,

#### RESOLVE:

Clasificar como monte veciñal en man común, a favor dos veciños de Ermide, no concello de Celanova, o monte denominado Fonte da Besta e A Carpaceira, coa descrición reflectida no feito cuarto.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense no prazo dun mes, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao desta notificación, de acordo co disposto no artigo 12 da Lei 13/1989 (citada), nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Ourense, 23 de xullo de 2010.

Ricardo Ignacio Vecillas Rojo  
Presidente do Xurado Provincial de Clasificación  
de Montes Veciñais en Man Común de Ourense

*Edicto do 23 de xullo de 2010, do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense, polo que se resolve o expediente de clasificación do monte coa denominación de Campaceira, da Veiguiña e do Couto, por solicitude dos veciños de Seadur, no concello de Larouco (Ourense).*

En cumprimento do disposto no artigo 28 do regulamento para a execución da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, aprobado polo Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e de conformidade co disposto no artigo 60.1º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, faise público que o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense, en sesión que tivo lugar con data do 20 de xullo de 2010, adoptou a seguinte resolución:

Visto o expediente de clasificación como veciñal en man común do monte denominado Campaceira, da Veiguiña e do Couto, por solicitude dos veciños de Seadur, no concello de Larouco, resultan os seguintes

Feitos.

Primeiro.-Con data do 25 de setembro de 2004 tivo entrada no rexistro do Departamento Territorial da Consellería do Medio Rural en Ourense escrito dirixido ao Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de veciños de Seadur, concello de Larouco, no cal solicitan a clasificación como veciñal en man común do devandito monte a favor dos veciños de Seadur.

Segundo.-Con data do 10 de marzo de 2009 o xurado provincial acorda iniciar o expediente de clasificación como veciñal en man común do referido monte, designando instrutor e procedendo a realizar as comunicacións e publicacións a que fan referencia os artigos 20, 21 e 23 do regulamento para a execución da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, aprobado polo Decreto 260/1992, do 4 de setembro, abrindo un período dun mes para a práctica de alegacións.

Terceiro.-No prazo concedido para a práctica de alegacións non consta que se presentase ningunha.

Cuarto.-O monte obxecto de clasificación, de acordo coa documentación existente no expediente, descríbese así:

Concello: Larouco.

Denominación do monte: Campaceira, da Veiguiña e do Couto.

Comunidade veciñal solicitante: veciños de Seadur.

Superficie: 130,5 ha.

## \*Lindeiros:

| Parcela                                                | Nome                        | DNI                  |
|--------------------------------------------------------|-----------------------------|----------------------|
| -Norte.                                                |                             |                      |
| -Linde do concello: concello da Rúa (Ourense)          |                             |                      |
| -Predios particulares dos veciños de Seadur (Larouco). |                             |                      |
| -Polígono 6.                                           |                             |                      |
| 9010                                                   | Nacional 120 Fomento        |                      |
| 9002                                                   | Estrada As Chozas           |                      |
| 571                                                    | Eladia Mateo García         | Herdeiros            |
| 577                                                    | Inocencio Rodríguez López   | Herdeiros            |
| 578                                                    | Mª Teresa Prada Feijoo      |                      |
| 576                                                    | Descoñecidos                |                      |
| 540                                                    | Asunción Fernández López    | Herdeiros            |
| 596                                                    | Leopoldo Fernández Mateo    | Herdeiros            |
| 539                                                    | Descoñecidos                |                      |
| 538                                                    | Elio Fernández              | Herdeiros            |
| 537                                                    | Victoriano Prada Feijoo     | 34567018-L           |
| 598                                                    |                             |                      |
| 594                                                    | Descoñecidos                |                      |
| 592                                                    |                             |                      |
| 593                                                    | Mª Rosario Núñez Vázquez    | Herdeiros            |
| 493                                                    | Mª Rosario Núñez Vázquez    | Herdeiros            |
| 480                                                    |                             |                      |
| 484                                                    |                             |                      |
| 599                                                    | José Manuel Méndez Méndez   | 76718431-E           |
| 582                                                    | Juan Tomas Diéguez Álvarez  | 76702221-G           |
| 591                                                    | Amalia García Rodríguez     | 34930796-Y           |
| -Sur.                                                  |                             |                      |
| -Predios particulares dos veciños de Seadur (Larouco). |                             |                      |
| -Polígono 4.                                           |                             |                      |
| Camiño                                                 |                             |                      |
| 1915                                                   | Ovido Campos Feijoo         | 34539046-S           |
| Camiño                                                 |                             |                      |
| 1449                                                   | Jesús Mateo Ferrer          | 34397096-K           |
| 1252                                                   | A Touza                     |                      |
| 1442                                                   | Pedro Rodríguez             | Herdeiros            |
| 1434                                                   | Mª Teresa Fernández Mateo   | 34538019-T Herdeiros |
| Camiño                                                 |                             |                      |
| 1443                                                   | Dosinda Rodríguez González  | Herdeiros            |
| 1448                                                   | Secundino Rodríguez Crespo  | Herdeiros            |
| 1444                                                   | Mª Teresa Fernández Mateo   | 34538019-T Herdeiros |
| 1447                                                   | Ovidio Campos Feijoo        | 34539046-S           |
| Camiño                                                 |                             |                      |
| 254                                                    | Nicasio Campos Feijoo       | Herdeiros            |
| 255                                                    | Julio García Campos         | 34464259-R           |
| 251                                                    | Amelia Lorenzo Diéguez      | 34464244-D Herdeiros |
| 248                                                    | Avelina García González     | Herdeiros            |
| 247                                                    | Vicenta Praza Arrollo       | Herdeiros            |
| 244                                                    | Eladio Prada                | Herdeiros            |
| Camiño                                                 |                             |                      |
| 1891                                                   | Ovidio Campos Feijoo        | 34539046-S           |
| 160                                                    | Antonia Rodríguez           | Herdeiros            |
| Camiño                                                 |                             |                      |
| 1087                                                   | Descoñecidos                |                      |
| 1893                                                   | Descoñecidos                |                      |
| 169                                                    | Josefina Rodríguez Méndez   | 76681845-Y           |
| 156                                                    | Concepción Diéguez González |                      |
| 166                                                    | Mª Rosario Núñez Vázquez    | Herdeiros            |
| 163                                                    | Concepción Diéguez González |                      |
| 160                                                    | Ovidio Campos Feijoo        | 34539046-S           |

| Parcela                                          | Nome                         | DNI        |
|--------------------------------------------------|------------------------------|------------|
| 170                                              | Salvador Lorenzo García      | Herdeiros  |
| 171                                              | Manuela Álvarez Campos       | Herdeiros  |
| 181                                              | Descoñecidos                 |            |
| 178                                              | Eladia Rodríguez Rodríguez   |            |
| 179                                              | Inocencio Rodríguez López    | Herdeiros  |
| 180                                              | Darío Rodríguez González     | 76691309-V |
| Camiño                                           |                              |            |
| 947                                              | Mª Carmen Mateo Fernández    | 34607169-N |
| 832                                              | Adelaida Méndez González     |            |
| Camiño                                           |                              |            |
| 272                                              | Miguel Feijoo Rodríguez      | 76702220-A |
| 292                                              | Leopoldo Fernández Mateo     | Herdeiros  |
| -Polígono 5.                                     |                              |            |
| 1089                                             | Descoñecidos                 |            |
| 1090                                             | Descoñecidos                 |            |
| 1091                                             | Descoñecidos                 |            |
| 1092                                             | Descoñecidos                 |            |
| 1093                                             | Descoñecidos                 |            |
| Camiño                                           |                              |            |
| 269                                              | Victoriano González González | 34464298-V |
| -Leste.                                          |                              |            |
| -Linde do concello: concello de Petín (Ourense). |                              |            |
| -Predios particulares dos veciños de Seadur.     |                              |            |
| -Polígono 6.                                     |                              |            |
| 60                                               | Juan Manuel Méndez Méndez    | 34924794-F |
| 113                                              | Rafael Fernández             | Herdeiros  |
| 110                                              | Amalia García Rodríguez      | 34930796-Y |
|                                                  | Ángel García Rodríguez       | 76707753-Q |
| 111                                              | Dolores Mateo Fernández      |            |
| 118                                              | Ovidio Campos Feijoo         | 34539046-S |
|                                                  | Dionisio Campos Feijoo       |            |
| 122                                              | Antolín Alonso Alonso        | Herdeiros  |
| 172                                              | Víctor González              | Herdeiros  |
| 195                                              | Elio Fernández               | Herdeiros  |
| 200                                              | Jesús Álvarez Mateo          | Herdeiros  |
| Camiño                                           |                              |            |
| 223                                              | Julio García Campos          | 34464259-R |
| 222                                              | Julio García Campos          | 34464259-R |
| 224                                              | Álvaro Mateo Jesús           | Herdeiros  |
| 225                                              | Ovidio Campos Feijoo         | 34539046-S |
|                                                  | Dionisio Campos Feijoo       |            |
| Camiño                                           |                              |            |
| 230                                              | Hipólito Vicente             | 34464260-W |
| 232                                              | Rafael Fernández García      | Herdeiros  |
| Camiño                                           |                              |            |
| 233                                              | Asunción Fernández Lorenzo   | 34463836-S |
| 235                                              | Enrique García López         | Herdeiros  |
| 236                                              | Edesio Prada López           |            |
| 9003                                             | Camiño                       |            |
| 237                                              | Ovidio Crespo Feijoo         | 34539046-S |
| 375                                              | Isidro Mateo Rivera          | 34932825-B |
| Estrada                                          | Estrada das Chozas           |            |
| -Polígono 4.                                     |                              |            |
| 1462                                             | Félix Crespo Mondelo         |            |
| Camiño                                           |                              |            |
| 1466                                             | Miguel Feijoo Rodríguez      | 76702220-A |
| 1818                                             | Mercedes Fernández García    | Herdeiros  |
| 1319                                             | María Vázquez Mateo          | Herdeiros  |
| -Oeste.                                          |                              |            |
| -Linde provincial: concello de Quiroga (Lugo).   |                              |            |

Fundamentos de dereito.

Primeiro.-O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común é o órgano competente para coñecer os expedientes de clasificación dos montes que teñan tal carácter, de acordo co establecido no artigo 9 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.

Segundo.-De conformidade co disposto no artigo 1 da devandita lei «son montes veciñais en man común... os que, con independencia da súa orixe, das súas posibilidades produtivas, do seu aproveitamento actual e da súa vocación agraria, pertencen a agrupacións veciñais na súa calidade de grupos sociais e non como entidades administrativas, e os veñan aproveitando consuetudinariamente en réxime de comunidade sen asignación de cotas os membros daquelas na súa condición de veciños».

Terceiro.-É reiterada doutrina da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo que son dúas as notas características dos montes veciñais en man común: unha, o aproveitamento consuetudinario en man común, e outra, a atribución da titularidade dese aproveitamento aos veciños integrantes dun grupo social determinado, independentemente da súa cualificación ou non como entidade administrativa; correspóndelle constatar o aproveitamento e atribuír a titularidade a favor do grupo social que o veña desfrutando ao xurado provincial de clasificación.

Cuarto.-O carácter de monte veciñal en man común tense acreditado mediante os testemuños dos veciños solicitantes e as actuacións realizadas polo Servizo de Montes e Industrias Forestais, sen que durante a tramitación do procedemento se producise ningunha reclamación de titularidade distinta.

En consecuencia co que antecede, vista a Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais e man común, o seu regulamento, aprobado polo Decreto 260/1992, do 4 de setembro, o Decreto 562/2005, do 1 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural e demais normativa legal e regulamentaria, o xurado provincial, por unanimidade dos seus membros,

#### RESOLVE:

Clasificar como monte veciñal en man común, a favor dos veciños de Seadur, no concello de Larouco, o monte denominado Campaceira, da Veiguiña e do Couto, coa descrición reflectida no feito cuarto.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recuso potestativo de reposición perante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense no prazo dun mes, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao desta notifi-

cación, de acordo co disposto no artigo 12 da Lei 13/1989 (citada), nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Ourense, 23 de xullo de 2010.

Ricardo Ignacio Vecillas Rojo  
Presidente do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense

*Anuncio do 23 de xullo de 2010, do Departamento Territorial de Ourense, polo que se emprazan os interesados para seren notificados por comparecencia no expediente INC-OU-41/2010-BIO e dous máis.*

De conformidade co disposto no artigo 61 da Lei 30/1992, do 26 de novembro (BOE do 27 de novembro), de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, ao non ser posible a súa notificación polo servizo de correos, emprázanse os interesados que se sinalan no anexo para seren notificados por comparecencia.

O acto foi adoptado polo xefe territorial.

A comparecencia deberase efectuar no prazo de dez días contados desde o seguinte ao da publicación deste anuncio, na sede do Servizo Xurídico-Administrativo do Departamento Territorial da Consellería do Medio Rural, sita na rúa Florentino L. Cuevillas, nº 4 e 6 baixo, (Ourense), das 9.00 ás 14.00 horas, de luns a venres.

Transcorrido o devandito prazo sen efectuarse a comparecencia, a notificación entenderase producida desde o día seguinte.

Ourense, 23 de xullo de 2010.

Ricardo Ignacio Vecillas Rojo  
Xefe territorial de Ourense


#### ANEXO

Expediente: INC-OU-41/2010-BIO.  
Interesado: Elías González Álvarez.  
Acto de notificación: resolución.

Expediente: INC-OU-42/2010-BIO.  
Interesado: Manuel Pazos Sibils.  
Acto de notificación: resolución.

Expediente: INC-OU-43/2010-BIO.  
Interesado: Marcial Seara Fernández.  
Acto de notificación: resolución.





Monte veciñal en man común "Campaceira, da Veiguiña e do Couto", pertencente a Seadur, no concello de Larouco  
 Escala 1:7.500 (para tamaño de papel DIN A3). Follas topográficas dixitais números 190-61 e 190-71 da Xunta de Galicia  
 Proxección UTM, fuso 29 N, zona T. Datum ED50



**Iván Rodríguez Jiménez**, secretario do Xurado Provincial de clasificación de montes veciñais en man común de Ourense

**CERTIFICO:**

Que na sesión do **20 de febreiro de 2024** o Xurado adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

**XXI.-** Solicitud de revisión de esbozo do MVMC "Campaceira, Da Veiguiña e do Couto", pertencente á CMMVVMC de Seadur, no concello de Larouco.

O Servizo de Montes da Xefatura Territorial de Ourense emitiu un informe favorable o día 15 de maio de 2023 en relación coa citada solicitude. No mesmo se indica que o perímetro obxecto da presente revisión de esbozo é unha parte do perímetro lindeiro con particulares. Só se modifican catro pequenos tramos sumando entre todos eles un total de 1,631 km, quedando o resto do perímetro do monte como na clasificación do ano 2010.

O Xurado Provincial, de acordo co informe favorable do servizo de Montes, aprobou a solicitude de revisión de esbozo.

Vº. e praxe

O Presidente do Xurado

Luis Jorge Álvarez Ferro





**VI. ANUNCIOS****A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

*ANUNCIO do 13 de marzo de 2024, do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense, polo que se publica a Resolución do 13 de marzo de 2024 relativa á solicitude de revisión de esbozo formulada polos representantes do monte veciñal en man común Campaceira, da Veiguiña e do Couto, pertencente á Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Seadur, no concello de Larouco.*

Examinada a solicitude de revisión de esbozo formulada polos representantes do monte veciñal en man común (MVMC) Campaceira, da Veiguiña e do Couto, pertencente á Comunidade de Montes Veciñais en Man Común (CMVMC) de Seadur, no concello de Larouco, resultan os seguintes:

Feitos:

Primeiro. O 30.9.2022, a CMVMC de Seadur presentou unha solicitude (Rexel núm. 2022/2404904) de revisión parcial do esbozo do MVMC Campaceira, da Veiguiña e do Couto, no concello de Larouco.

Coa solicitude achegaron a seguinte documentación:

- Certificación do acordo da Asemblea Xeral do 3.7.2021.
- Memoria e planos.
- Arquivos xeográficos en formato vectorial.

Segundo. O Servizo de Montes da Xefatura Territorial de Ourense emitiu un informe favorable o día 15 de maio de 2023 en relación coa citada solicitude. Nel indícase que o perímetro obxecto da presente revisión de esbozo é unha parte do perímetro lindeiro con particulares. Só se modifican catro pequenos tramos que suman entre todos eles un total de 1,631 km e o resto do perímetro do monte queda como na clasificación do ano 2010. Nese ano non se dixitalizou o perímetro do monte, soamente se clasificou sobre o plano en papel. Así, o resto da liña perimetral considérase como non revisada para todos os efectos e non está aprobada pola comunidade propietaria.



A superficie do MVMC Campaceira, da Veiguiña e do Couto, despois da presente revisión do esbozo, ten unha superficie de 126,29 ha, fronte as 130,5 ha da clasificación, o que supón unha redución dun 3 %.

Tendo en conta o anterior, emítese informe favorable sobre a revisión do esbozo do MVMC Campaceira, da Veiguiña e do Couto.

Consideracións legais e técnicas:

Único. A Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, na súa disposición transitoria décimo terceira, establece o procedemento de revisión de esbozos de montes veciñais en man común.

De acordo con ela, os esbozos de montes veciñais integrados nun expediente que, pola súa antigüidade non reúnan as características de fiabilidade e precisión que exigen as novas técnicas topográficas poderán ser obxecto de revisión axustándoos e completándoos con aqueles datos e documentos que se consideren necesarios, en particular, os requiridos para a súa inmatriculación no Rexistro da Propiedade.

De acordo cos feitos e fundamentos de dereito expostos, e tendo en conta o informe favorable do Servizo de Montes do día 15 de maio de 2023, o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común acordou por unanimidade o día 20 de febreiro de 2024:

Aprobar a proposta de revisión de esbozo do MVMC Campaceira, da Veiguiña e do Couto, pertencente á CMVMC de Seadur, no concello de Larouco.


Ourense, 13 de marzo de 2024

Luis Jorge Álvarez Ferro  
Presidente do Xurado Provincial de Clasificación  
de Montes Veciñais en Man Común de Ourense

CVE-DOG: jegwvg34-c8a6-f181-dch6-30wcnv6irp13









Sociedade Cooperativa Limitada. Estrada S. Pedro de Rocas s/n.  
32720 Esgos (Ourense)

Tlfno 988 290 137 Fax: 988 290 172

correo electrónico: [brana@branascl.com](mailto:brana@branascl.com) / [forestal@branascl.com](mailto:forestal@branascl.com)

## PROPOSTA DE REVISIÓN DE ESBOZO DO MONTE:

### Campaceira, da Veiguiña e do Couto

Promotor: Seadur (Larouco, Ourense)



**Lenda**

- Revisión de esbozo CMVMC Seadur: 1,63 km
- Croquis clasificación (c. ficha)
- Catastro

**INFORME:** PROPOSTA DE REVISIÓN DE ESBOZO DO MONTE "CAMPACEIRA, DA VEIGUIÑA E DO COUTO", CMVMC DE LAROUCO (SEADUR)

|                                                                                                                                                                                                         |                                                                                     |
|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------|
| <b>PLANO:</b><br>Ortofoto                                                                                                                                                                               | <b>Nº PLANO:</b><br>2/2                                                             |
| <br><b>AUTOR:</b><br>José Benito Meire Feijó<br>Enxeñeiro de Montes<br>Colexiado 5026 colexio Enxeñeiros de Montes | <b>DATA:</b><br>Setembro 2022                                                       |
|                                                                                                                                                                                                         | <b>SITUACIÓN</b><br>Larouco                                                         |
| <br><b>BASE:</b> Ortofoto ano 2020, PNOA                                                                           | <b>ESCALA (A2):</b><br>1 / 2.250<br><br><b>Coordenadas:</b> Huso 29<br>Datum ETRS89 |